

## Cobertura do servizo

O seguinte aplicativo amosa os beneficios, os límites e principais exclusións do Servizo de Cobertura para o equipamento cedido polos centros educativos para o uso dos alumnos.

**Duración do servizo:** Curso escolar 2021-2022 (1 setembro 2021– 31 agosto 2022)

**Beneficio do servizo:**

- Custo de reparación do ben incluíndo man de obra, transporte de recollida, entrega e pezas.
- Entregarase un equipo en substitución de forma inmediata, este tempo non superará as 24h dende a incidencia.

**Definición das coberturas de dano**

Os danos producidos por causa accidental como consecuencia de: golpes, caídas, roturas, derramo de líquidos, sobretensións e temperaturas extremas, que puidesen sufrir os compoñentes dos equipos asegurados

- Rotura de calquera compoñente do equipo: pantalla, carcasa, teclas, bisagras, sistemas de alimentación e demais conectores integrados.
- Rotura do cargador de alimentación

**Límites**

- Límite de incidencias non está definido.

**Principais exclusións**

- Avarías internas non contempladas na garantía.
- Danos estéticos que non afecten ao funcionamento do ben asegurado.
- Danos que teñan a súa orixe no software instalado e máis concretamente os producidos por virus ou programas mal intencionados.
- Responsabilidade civil de calquera natureza.
- O roubo, furto, extravío ou perda baixo calquera circunstancia tanto do equipo portátil como do cargador de alimentación ou o lapis.
- Rotura do lapis ou da punta deste.

**Características do servizo:**

Utilizaranse servizos técnicos oficiais. A non dispoñibilidade de pezas por parte do fabricante non será en ningún caso responsabilidade do servizo. O prazo para a reparación e devolución do equipo danado depende da dispoñibilidade das pezas dos servizos técnicos oficiais. A aceptación e tramitación de cada incidencia realizarase dentro das primeiras 24 horas. O contacto realizarase a través do teléfono de contacto e a conta de correo electrónico habilitados para o servizo.

**Oferta económica**

O custo anual é de **49€ IVE** incluído.

**FORMA DE PAGO:** O importe do servizo será abonado mediante transferencia bancaria na conta bancaria IBAN: **ES7301287671150100032526**

# Manual de Rexistro e Contratación de Cobertura

## Introdución

A aplicación Cobertura SIR (Servicio Integral de Reparación) creouse para que poida xestionar e contratar de xeito sinxelo e electrónico a cobertura do equipo asignado ao seu fillo/a

## Acceso á aplicación e rexistro

Para acceder á aplicación Cobertura SIR, debe introducir no seu navegador a seguinte ligazón: <https://coberturasir.plexus.es/> e rexistrarse cubrindo todos os campos indicados no formulario.




## Rexistrar Equipo

Unha vez rexistrado / iniciado sesión, amosarase a pantalla de rexistro de equipos. Debe cubrir todos os campos indicados no formulario.




Se ten dúbidas de como atopar o Número de Serie prema no signo de interrogación. Amosaranse as seguintes fotografías nas que se indica detalladamente como localizalo:




## Engadir imaxes do equipo

Tras rexistrar o equipo, para continuar a contratación debe facilitarnos catro fotografías:



Se ten dúbidas de como atopar a parte do equipo que debe fotografar prema no signo de interrogación e amosáraselle un exemplo de fotografía similar á que debe achegar:



Unha vez engadidas as fotos do equipo, deberán ser validadas polo noso departamento técnico e recibirá unha mensaxe de confirmación na súa conta de correo electrónico.

## Engadir documentación do equipo

Para continuar a contratación debe premer en **ENGADIR DOCUMENTACIÓN** e facilitarnos a documentación indicada:



Se ten dúbidas de onde atopar cada documento prema no signo de interrogación:



Unha vez engadida a documentación requirida deberá ser validada polo noso departamento de contabilidade e recibirá unha mensaxe de confirmación na súa conta de correo electrónico.

## Dúbidas e consultas

Se ten algunha consulta sobre o funcionamento da aplicación, non dubide en contactar connosco a través do Servizo de Atención, de luns a venres de 08 a 18 h a través do teléfono **881505136** ou envíe un correo a: [coberturasir@plexus.es](mailto:coberturasir@plexus.es)